

PLAN XERAL

de ATENCIÓN

á DIVERSIDADE

Lexislación Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación (L.O.E.)

INTRODUCCIÓN

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

3. OBXECTIVOS

4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

4.1. MEDIDAS ORDINARIAS

a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado

b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado

c) A acción titorial e a orientación

d) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia

e) Desdobramentos de grupos

f) Reforzo educativo e apoio do 2º profesor na aula ordinaria.

g) Programa de enriquecemento curricular

h) Programa de reforzo nas áreas instrumentais básicas

l) Programas específicos personalizados

J) Programa de habilidades sociais

4.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

a) Adaptación curricular (ACI)

b) Agrupamentos flexibles-específicos

c) Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e/ou en audición e linguaxe

d) Flexibilización da duración do período de escolarización

e) Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento

f) Formación profesional básica (FPB)

g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo

h) Grupo de adquisición de lingua

i) Grupo de adaptación da competencia curricular

j) Exención de cursar a segunda lingua estranxeira

5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN/IMPLEMENTACIÓN DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN PROPOSTAS

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO E A IMPLEMENTAR

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS NO CENTRO, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E OS CENTROS ADSCRITOS EXTERNOS AO CENTRO

8. CANLES DE COLABORACIÓN E COORDINACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO (SS, ENTIDADES E ORGANISMOS DIVERSOS □.)

9. PROTOCOLOS PARA A IMPLEMENTACIÓN, SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

10. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MEMORIA DO PLAN

INTRODUCCIÓN

A atención a diversidade presentase como un dos grandes retos para o sistema educativo, e en concreto para cada un dos centros escolares. Require do axuste da intervención educativa ás necesidades reais e diversas do alumnado para asegurar unha acción educativa de calidade; o que esixe aos centros e profesorado, unha importante e minuciosa tarefa de reflexión e de traballo, xa que a atención á diversidade é tarefa de todos.

Entendemos por **diversidade** as diferenzas que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares, en canto a: *aptitudes, intereses, motivacións, capacidades, ritmos de maduración, estilos de aprendizaxe, experiencias e coñecementos previos, contornas sociais e culturais* □ Aspectos que conforman tipoloxías e perfís no alumnado que van e deben determinar, en gran medida, a planificación e acción educativa.

Dentro desta diversidade xeral, algún alumnado posiblemente precise dunha atención diferente a ordinaria:

- ✓ Por presentar n.e.a.e de carácter especial (alumnado que requira por un período transitorio ou permanente da súa escolarización, determinados apoios e atención educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta)
- ✓ Por presentar dificultades específicas de aprendizaxe xeneralizadas por trastornos diversos
- ✓ Por as súas altas capacidades intelectuais
- ✓ Por terse incorporado tardiamente ao sistema educativo
- ✓ Por condicións persoais/socio-familiares e/ou de historia escolar

Para todos eles, unha vez identificadas as necesidades específicas, será preciso ir adaptando as respostas educativas dende as programacións xerais e as programacións da aula, ata aquelas outras propostas que modifiquen mais ou menos significativamente a proposta curricular, podendo chegar a requirir propostas organizativas diferenciadas e recursos persoais de apoio mais ou menos especializados; **sempre dende os principios de máxima normalización e inclusión**. Priorizaremos as medidas ordinarias e soamente despois consideraranse as medidas extraordinarias, sempre cando se valore e xustifique a súa necesidade; e sendo complementarias e non excluíntes todas elas na súa implementación.

O PXAD (que formará parte do Proxecto Educativo) será o instrumento que guíe a planificación anual das medidas educativas de atención a diversidade do centro, no marco da Programación Xeral Anual, e coa seguinte base normativa:

- ✓ **LOE**: *no seu preámbulo* sinalase que a **atención á diversidade establécese como principio fundamental que debe rexer toda a ensinanza básica**, co obxectivo de proporcionar a todo o alumnado unha educación axeitada ás súas características e necesidades. No *artigo 22*, referido aos principios xerais da educación secundaria obrigatoria,

indícase que esta etapa organizárase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado.

- Decreto 133/2007** polo que se regulan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, no *artigo 13, apartado 2* sinalase que no caso de detectarse dificultades de aprendizaxe os centros deberán poñer en funcionamento as medidas de atención á diversidade que se consideren máis convenientes ás características do seu alumnado e que poden ser tanto organizativas como curriculares.
- Decreto 229/2011** regúlase a atención á diversidade do alumnado coa finalidade de facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumno e alumna e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolle a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos na etapa da educación secundaria obrigatoria.
- Lomce** No artigo 22, referido aos principios xerais a educación secundaria obrigatoria, indícase que esta etapa organizárase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado.
- Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar**, no punto 3.2 Prevención nos instrumentos de planificación, no apartado a, “reflectir no Plan Xeral de atención a diversidade as actuacións, medidas e/ou programas para atender a diversidade.

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

Vexase o PEC e PXA; xunto con outra documentación curricular do centro

Sinalar que se trata dun alumnado inserido maioritariamente nun contexto rural e cun desenvolvemento sociocultural e económico medio-baixo; con baixas expectativas educativas e de formación, motivación media-baixa cara o estudo e a formación académica, non hábitos de estudo e TTI, rendemento académico medio-baixo, .

Aumento de alumnado inmigrante con desfase curricular e necesidades específicas de apoio educativo por ambiente desfavorable.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES de atención educativa

A identificación temperá das necesidades educativas e no proceso de E-A do alumnado, a súa valoración e a resposta educativa constitúen procesos necesarios e prioritarios para adecuar as medidas e recursos educativos á diversidade.

Isto farase a través dos seguintes mecanismos:

- Inicio de curso : Mes de setembro
- Na avaliación inicial realizada a comezos de curso e dirixida a toda etapa da ESO.
- Nas xuntanzas da avaliación de cada trimestre e co seguimento titorial o longo do trimestre
- Ao finalizar cada curso avaliarase o proceso educativo de cada alumno/a
- En momentos periódicos e/ou puntuais ao longo do curso, segundo as necesidades detectadas.

En canto a valoración das necesidades educativas xerais e mais específicas con respecto ao alumnado, sinalar que:

- Amosan dificultades no desenvolvemento e afianzamento das técnicas instrumentais básicas: dificultades para extraer as ideas principais dun texto, para expresarse tanto por escrito como a nivel oral, dificultades no razoamento e lóxica así como no cálculo mental.
- Non hai adquiridos hábitos básicos de traballo, nin estratexias de estudo, TTI.
- Deficiente organización do traballo persoal (calendario, horario diario de estudo, axenda..).
- Emprego dun método de estudo memorístico. Non teñen adquirido as técnicas de traballo básicas (lectura comprensiva, subliñado, resumo, esquemas...) e TTI.
- Falla de expectativas e motivación cara o estudo e traballo académico.
- NEE de carácter mais específico e/ou especial que presenta o alumnado: ver o anexo de recollida de datos elaborado pola responsable do DO por niveis e etapas educativas previsto para o curso académico.

En canto aos pais, nais, titores legais do alumnado:

- Necesidade de supervisión dos hábitos de estudo e a organización do traballo escolar.
- Colaboración co centro para apoiar o traballo desenvolvido polos docentes (inculcar ao fillos/as esforzo, traballo e constancia).
- Maior comunicación co centro educativo (reunión de presentación do novo curso, entrevistas individuais no primeiro trimestre e seguimento ao longo do curso).
- Implicación dos pais/nais para participar nas actividades organizadas en colaboración co Concello ou na xestión da ANPA do centro.

Con respecto as necesidades detectadas en relación ao profesorado:

- Dificultades para coordinarse entre o equipo de profesores así como co profesorado de pedagogía terapéutica pola falta de tempos a nivel centro e de estratexias en ocasións.
- Problemática á hora de atender individualmente a un alumno ou alumna con necesidades específicas de apoio, xa que dentro dun mesmo grupo hai alumnos e alumnas con necesidades diferentes. Esta situación impide establecer actuacións variadas que favorezan a atención á diversidade do alumnado.
- En relación ao alumnado no centro e sobre todo nos primeiros cursos da ESO, obsérvase un incremento das dificultades xeneralizadas de aprendizaxe nas áreas instrumentais, fundamentalmente con referencia ao uso das linguas en xeral a nivel expresivo (oral e escrito) e receptivo, precisando adoptar medidas organizativas e curriculares axeitadas segundo as circunstancias.

3. OBXECTIVOS (de carácter xeral e específico a conquistar)

- Aceptar e valorar as diferenzas do alumnado como un feito normal e de enriquecemento na comunidade educativa.
- Asegurar que todo o alumnado, sen distinción, acade, dentro das súas posibilidades, o grao máximo das súas capacidades, do seu desenvolvemento persoal, social e emocional, así como das competencias básicas e dos obxectivos educativos establecidos en xeral para a etapa da ESO.
- Diseñar, planificar e desenvolver medidas eficaces de tipo organizativo e curricular, que dean resposta as características e necesidades do alumnado
- Potenciar a coordinación das liñas de actuación do profesorado que interveña no proceso educativo de cada alumno/a:
- Fomentar a tutoría e a orientación como instrumentos para a prevención, detección e atención temperá do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e especialmente as de carácter especial (ANEAE).
- Promover a creación e difusión entre o profesorado de materiais, bibliografía, estratexias educativas□..
- Establecer os mecanismos oportunos para garantir unha adecuada coordinación entre os diferentes profesionais implicados na atención á diversidade: titores/as, profesorado, familias e servizos externos ao centro.
- Valorar a importancia da convivencia e crear un ambiente de traballo e compañeirismo que axude a mellorar o desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado.
- Crear un clima de cooperación entre o centro e as familias, para favorecer o desenvolvemento do alumnado.
- Asesorar ás familias sobre pautas educativas e recursos sociais, sanitarios, etc.

4. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Seguindo os obxectivos propostos, as medidas de atención á diversidade organízanse:

4.1. MEDIDAS ORDINARIAS

Todas aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos elementos prescriptivos do currículo de referencia: dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro-aula.

A finalidade destas medidas é dar resposta ás diferenzas e heteroxeneidade do alumnado en

aprendizaxes para facilitar a consecución dos obxectivos educativos e competencias establecidas na ESO.

Así:

a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado

1. Os agrupamentos, a confección de grupos e horarios estableceranse de acordo cos principios: normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia

2. No primeiro claustro do curso serán concretados e aprobados os criterios pedagóxicos para a elaboración de horarios do alumnado así como a comunicación do número de grupos de cada materia. Así concretaranse os grupos de apoio nas áreas instrumentais do alumnado con exención de segunda lingua estranxeira; atención do profesorado de PT dentro da aula ordinaria con prioridade para o alumnado con TEA e síndrome de Down; apoio de profesorado de área con dispoñibilidade de horario; apoios da auxiliar técnica educativa ao alumnado con discapacidades máis graves; grupo de alumnos/as para apoio dentro do programa Centro-Concello

3. No que respecta aos espazos, priorizaranse as seguintes actuacións:

a) Crear ambientes flexibles, acolledores, estimulantes, cómodos e personalizados.

b) Organización flexible da aula.

c) Facilitar o acceso do alumnado aos departamentos didácticos, ao departamento de orientación, á biblioteca do centro, etc.

b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado

No mes de setembro os xefes dos departamentos concretarán nas correspondentes programacións didácticas os elementos establecidos segundo a normativa vixente..

Así mesmo, cada profesor/a, desde a súa materia, adaptará a programación didáctica do seu departamento a cada grupo de alumnos/as en particular, unha vez realizada a avaliación inicial dos diferentes grupos, en:

1. Obxectivos e contidos:

- Adecuar os obxectivos ás peculiaridades da aula e do alumnado do grupo-clase. Precisar cales son os obxectivos e contidos mínimos de cada unidade didáctica.
- Seleccionar e priorizar aqueles contidos que sexan funcionais para o alumnado e que lle permitan aprender por si mesmo.
- Establecer secuencia de contidos que aseguren aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.

2. Metodoloxía:

Como punto de partida é necesario crear un clima positivo de respecto, confianza e esixencia tanto entre o docente e o alumnado como entre o alumnado/grupo iguais.

Para conseguir este propósito, o profesorado poderá adoptar diferentes métodos, e establecer diferentes tipos de agrupamentos dentro da aula para atender á diversidade:

- Traballo en pequeno grupo para favorecer a relación entre o alumnado, a cooperación e a colaboración. A través desta proposta de traballo buscarase aproveitar as habilidades de cada un para o traballo en común.
- Tutorización nalgunhas actividades por un compañeiro/a da aula (aprendizaxe entre iguais).
- Aprendizaxe por proxectos e traballo cooperativo (fronte o individualizado e competitivo).
- Traballo individualizado profesorado/alumnado en momentos moi determinados e breves que favorecerán a seguridade do alumnado.

3. Actividades:

- Diversidade de actividades para cada contido.
- Actividades secuenciadas segundo a súa dificultade (cada alumno/a vai realizando e unha vez superadas, pasan ás de nivel seguinte).
- Existencia de actividades de libre elección.
- De reforzo (para todo o grupo como repaso ou para alumnado con dificultades de aprendizaxe).
- De ampliación (profundización para alumnado avantaxado e mellor rendemento).

4. Avaliación

- Realizar unha avaliación inicial ao comezo do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Seleccionar técnicas e instrumentos de avaliación múltiples e variados.
- Diversidade nos criterios de cualificación: nota das probas, dos exames de trimestre, traballos de aula, actitude, comportamento, asistencia...
- Contextualizar os criterios de avaliación seguindo os mesmos criterios de adecuación empregados ao contextualizar os obxectivos secuenciados segundo a súa dificultade.

c) A acción titorial e a orientación

O desenvolvemento da acción titorial constitúe unha das medidas de atención á diversidade prioritaria e máis eficaz para coñecer cada alumno/a, detectar e identificar as dificultades que poidan existir no seu proceso de aprendizaxe, considerar o tipo de agrupamento adecuado e facilitar a integración dos alumnos/as no seu grupo clase e no centro; así como punto de inflexión para a propostas e implementación de intervencións e medidas.

- Destinatarios:** Todo o alumnado.
- Profesorado:** Todo o equipo de profesores, coordinado polo titor/a do grupo e dende o apoio, coordinación e asesoramento sistemático do especialista do departamento

de orientación. Será a súa responsabilidade o seguimento e proposta de mellora do proceso de E-A Sendo funcións e responsabilidades do profesor titor/a as sinaladas no D. 324/96 e concretadas no PAT polo DO centro, e que establecerá e dirixirá o programa de actuacións para curso académico e grupo de alumnado.

- Temporalización:** Durante todo o curso escolar, a través dos obxectivos e programas recollidos no plan de acción tutorial.

d) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia

- Definición:** medida de atención á diversidade que favorece a mellora da convivencia no centro educativo. Ver Plan de Convivencia do centro e programación.
- Destinatarios:** alumnado que teña unha conduta disruptiva importante e que estea impedindo o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo-clase..., de acordo co establecido e protocolos no Plan de convivencia e NOF..
- Profesorado:** Para atender a esta aula, a xefatura de estudos establecerá gardas específicas nas que considerará a todo o profesorado do centro. Derivarase a dita aula con actividades e tarefas para realizar durante a súa permanencia nela. Correspóndelle ao profesorado que remita o alumnado a esta aula establecer ditas tarefas, corrixilas e avalialas.
- Temporalización:** Durante todo o curso escolar.

e) Desdobramentos de grupos

- Definición:** É unha medida organizativa de atención á diversidade que permite desdobrar un grupo moi numeroso para prestar unha atención individualizada ao alumnado. Contéplase normativamente respecto dalgunhas áreas. Non se tratará de agrupamentos flexibles..., non requerirá programación adaptada.
- Destinatarios:** nos grupos onde o número total de alumnado por grupo supere os 20 alumnos/as e o centro conte cos recursos necesarios. Priorizaranse, de ser necesario, nas materias de linguas e matemáticas e nos primeiros cursos da ESO.
- Profesorado:** o equipo de profesores que imparte clase nun grupo superior a 20 alumnos/as.
- Temporalización:** Durante todo o curso escolar.

f) Reforzo educativo e apoio na aula ordinaria do profesorado con dispoñibilidade horaria

- Definición:** Medida de atención á diversidade ordinaria que atenderá ás dificultades do alumnado xurdidas nun momento do proceso educativo, e que a través de pequenas modificacións nos elementos non prescritivos do currículo, pode seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe (Orden 6 outubro 1995). Considerarase aquí tamén metodoloxicamente

a figura do segundo profesor na aula ordinaria e para lograr unha atención mais persoalizada especialmente de alumnado do grupo con NE, de ser o caso e priorizándose esta medida se hai dispoñibilidade horaria.

Destinatarios:

1. Alumnado que repita curso e amose desfase curricular, deberá seguir medidas de reforzo educativo.
2. Alumnado con dificultades para seguir o proceso ordinario do grupo-clase.

Profesorado: O profesorado do departamento da área que aplica o reforzo e/ou apoio con dispoñibilidade horaria para ofrecer ese reforzo dentro da aula ordinaria, segundo as necesidades do centro.

Temporalización: Dependerá das necesidades de apoio que requira o alumnado que sexa obxecto desta medida.

g) Programa de enriquecemento curricular

Definición: Consiste en realizar axustes individualizados co alumnado que supera o ritmo ordinario e os contidos do programa de clase/nivel de escolarización, modificando só as actividades, a metodoloxía, os procedementos de avaliación e a temporalización. (D. 229/2011)

Destinatarios: alumnado que ten un nivel de competencia cognitiva e curricular superior ao seu grupo de referencia.

Profesorado: Aplicarase dentro da aula polo profesor/a de cada materia.

Temporalización: Dependerá das necesidades de apoio/atención que requira o alumnado que sexa obxecto desta medida.

h) Programa de reforzo nas áreas instrumentais básicas

Definición: medida organizativa de atención á diversidade cuxa finalidade é a atención personalizada para lograr o grao de dominio suficiente nas técnicas instrumentais de base.

Destinatarios: Dirixida ao alumnado de 1º e 2º ESO que estea nas seguintes condicións:

-Alumnos/as con Adaptación Curricular Significativa.

-Alumnado que promocioe a ESO por promoción automática (que xa repetira na E.P. e que promocioe con moitas áreas suspensas de primaria).

-Alumnado que obteña uns resultados moi baixos nas probas de avaliación inicial de comezos de curso, completando dita información cos informes dos centros adscritos.

-Alumnado que estea repetindo 1º ESO e se considere que esta medida pode atender as súas necesidades

-Alumnado que promocioe a 2º ESO sen ter superado todas ou algunha das materias instrumentais, e se considere que é a mellor opción para dar resposta as súas necesidades. -

Alumnado que estea repetindo 2º ESO e sexa a mellor resposta ás súas necesidades.

- Profesorado:** correspóndelle preferentemente ao profesorado dos departamentos de linguas (Lingua Castelá, Lingua Galega, Inglés, Francés, outra lingua estranxeira, Latín e Grego) e a impartición da área de Matemáticas, preferentemente, ao profesorado dos Departamentos de Matemáticas, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía e Tecnoloxía.
- Temporalización:** Durante todo o curso escolar.

i) Programas específicos personalizados

- Definición:** consiste na elaboración de programas personalizados que inclúen actividades de aprendizaxe para que o alumnado as realice semanalmente.
- Destinatarios:** Alumnado repetidor de 1º, 2º, 3º e 4º ESO. Cando un alumno/a de 1º ou 2º ESO asista a un programa de reforzo ou de recuperación doutras materias quedará eximido da realización deste programa.
- Profesorado:** Este programa será elaborado polo departamento da materia correspondente. É o/a profesor/a que imparte a materia o responsable do seguimento de cada alumno/a na realización das tarefas propostas polo departamento didáctico e, tamén o responsable de comunicarllo ao profesor tutor/a para facerllo chegar ás familias.
- Temporalización:** Durante todo o curso escolar.

j) Programa de habilidades sociais

- Definición:** consiste en facilitar ao alumnado dun repertorio amplo de habilidades instrumentais, cognitivas e de control emocional que poidan usar para mellorar a calidade das súas relacións sociais e, máis concretamente, para resolver ou prever problemas ou dificultades nas súas relacións cos demais.
- Destinatarios:** todo o alumnado da ESO.
- Profesorado:** Os titores/as da ESO, na hora de tutoría. Programa que recolle o Plan de Acción Titorial (PAT).
- Temporalización:** Durante un trimestre do curso escolar.

4.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Son aquel conxunto de actuacións dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou cambios no ámbito organizativo, así como nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Hai que ter en conta dous aspectos para a aplicación destas medidas:

- 1) Aplicaranse unha vez esgotadas as medidas ordinarias ou por resultaren estas insuficientes.
- 2) É necesario a autorización: dirección do centro, do servizo de inspección educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do departamento de orientación.

a) Adaptación curricular individual (ACI)

- **Obxectivo:** é unha medida extraordinaria de carácter curricular dirixida ao alumnado considerado con necesidades específicas de apoio educativo que precisen de modificacións substanciais do currículo de referencia unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de atención educativa. Serán elementos do currículo susceptibles de modificación os obxectivos, que poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados, se é o caso; os contidos, que tamén poderán ser modificados, complementados e mesmo suprimidos; e os criterios de avaliación, que poderán ser adaptados, complementados, modificados e mesmo suprimidos.
- **Alumnado:** alumnado que, logo da correspondente avaliación psicopedagóxica e pertinente informe psicopedagóxico, se considere que ten necesidades específicas de apoio educativo, ben por necesidades educativas especiais, altas capacidades intelectuais, dificultades específicas de aprendizaxe, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables.

Normativa:

- Orde do 6 de outubro de 1995 (DOG do 7 de novembro de 1995)
- Disposición Adicional Quinta da Orde do 30 de setembro de 2004
- Artigo 5º da Orde do 21 de decembro de 2007 (DOG do 7 de xaneiro de 2008)

b) Agrupamentos flexibles

- **Destinatarios:** Alumnado que presente dificultades xeneralizadas de aprendizaxe, principalmente nas áreas curriculares de carácter instrumental como é o caso de Lingua e Matemáticas, que reclaman unha atención máis individualizada e que dificilmente pode seguir o ritmo de aprendizaxe da aula ordinaria con simples medidas de reforzo ordinario educativo. Esta medida está dirixida preferentemente ao alumnado que cursa 1º e 2º da ESO. Para o alumnado que cursa 3º e 4º e que presente as dificultades sinaladas poderase aplicar esta medida cando se considere máis apropiada que a incorporación a un PDC ou a fragmentación do currículo. O número máximo de alumnos será de 15
- **Profesorado:** deberá ter experiencia docente e, preferentemente, destino definitivo no centro. Cando a organización do centro o permita, os profesores do agrupamento flexible impartiran docencia no grupo de referencia. Na medida que os recursos do centro o permitan, este profesorado poderá ter unha dedicación horaria semanal considerada como lectiva para a elaboración da programación adaptada e a coordinación co equipo de profesores. Os agrupamentos flexibles poderán facerse nas seguintes áreas: Lingua Castelá ou Lingua Galega, Matemáticas, Ciencias Naturais e Ciencias Sociais. A proposta de áreas obxecto de agrupamento flexible será realizada pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, serán prioritarias as áreas de Lingua e

Matemáticas. Corresponderá a programación adaptada nos diferentes elementos curriculares os departamentos implicados.

Normativa:

- Circular 9/1999 da Dirección de Ordenación Educativa e Formación Profesional

c) Apoio do profesorado de PT

- Definición:** o profesorado de pedagogía terapéutica ten, a parte das funcións que lle competen como membro do departamento de orientación, as de participar na avaliación inicial e naquelas avaliacións que afecten ao alumnado con necesidades específicas de carácter especial de apoio educativo, e de colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptación curriculares individuais, así como, atención docente directa ó alumnado con necesidades específicas de carácter especial de apoio educativo.

As intervencións específicas que sexan precisas por parte do profesorado de pedagogía terapéutica serán propostas e deseñadas, de acordo coa normativa, polo departamento de orientación; en colaboración co profesorado da materia obxecto de apoio e do titor ou titora do grupo ó que pertence o alumno, e elevadas á XE. A coordinación desas actuacións corresponde á xefatura de estudos do centro, e a súa autorización á Dirección do centro. Estarán reflitidas explicitamente nos Documentos de ACi se é o caso.

As actuacións recolleranse na programación anual que se achegará pola profesora especialista co PO á PXA

- Alumnado:** alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que sexa obxecto dalgunha medida extraordinaria de atención a diversidade. O apoio, con carácter xeral, prestarase no grupo ordinario no que está integrado o alumno/a, fora da aula de acordo co explicitado no documento de ACi. A cualificación do alumnado será responsabilidade do profesorado da área.

Normativa:

- Artigo 7º da Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG do 31 de xullo de 1998)
- Decreto 229/2011 do 7 de decembro de 2011 (DOG do 21 de decembro de 2011)

d) Flexibilización da duración do período de escolarización

- Definición:** Consiste en aumentar ou reducir, excepcionalmente, o tempo de permanencia na etapa respecto do establecido con carácter xeral, en función das necesidades educativas especiais ou das altas capacidades do alumnado respectivamente.

1. No caso do alumnado con necesidades educativas especiais, o aumento da permanencia na etapa, se cursa a educación secundaria obrigatoria, farase fragmentando os cursos de 3º e 4º da etapa. No bacharelato farase fragmentando os seus cursos por materias e na formación profesional específica por módulos.

2. No caso do alumnado con necesidade específica de apoio educativo por altas capacidades intelectuais a flexibilización da etapa consistirá na redución do tempo de permanencia na mesma.

3. So será aplicable no ensino básico e a redución será dun máximo de dous anos. Esta redución máxima non se poderá aplicar na mesma etapa educativa.

Alumnado: alumnado con necesidades educativas especiais ou de altas capacidades que xa esgotaran outras medidas previas de adaptación curricular ou organizativas.

Normativa:

- Orde do 27 de decembro de 2002. (DOG, 30/01/03)
- Orde do 28 de outubro de 1996. (DOG, 28/11/1996)
- Orde do 12 de xullo de 2011. (DOG do 15/7/2011).

e) Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento

- ✓ **Obxectivo:** Facilitar que os alumnos/as alcancen as competencias do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria, poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.
- Destinatarios:** Aqueles alumnos que atopan algunhas dificultades para ir superando os cursos. Pero hai que cumprir unha serie de requisitos, que son os seguintes:

Preferentemente presentar **dificultades relevantes de aprendizaxe** non imputables a falta de estudo ou esforzo.

Ter repetido cando menos un curso en calquera etapa (Infantil, Primaria ou Secundaria).

Ter cursado 1º curso de ESO non estar en condicións de promocionar ao 2º curso (neste caso o alumno incorporárase a un programa de 2 anos, para cursar 2º e 3º de PMAR).

Ter cursado 2º curso de ESO e non estar en condicións de promocionar ao 3º curso (neste caso o alumno incorporárase a un programa dun ano para cursar 3º de PMAR).

Aqueles alumnos que, **cursando 3º ESO**, non estean en condicións de promocionar ao 4º curso, poderán incorporarse excepcionalmente a un Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento de un ano para repetir 3º curso.

Normativa:

RESOLUCIÓN do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

f) FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

- Obxectivo**
- Destinatarios:**
- Profesorado:**

Normativa:

- Real Decreto 127/2014.(DOG, 5/3/2014)

g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

Definición: Medida que ten como finalidade a continuidade do proceso formativo do alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial e que, por prescripción facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro. Cando o alumnado sexa obxecto de atención educativa hospitalaria ou domiciliaria, o seu centro de referencia establecerá, a partir da correspondente programación didáctica da etapa, un programa individualizado no que se terán en conta as necesidades educativas especiais asociadas á súa situación. A elaboración e seguimento dese programa levaraa a cabo o titor do alumno/a en colaboración co correspondente servicio de atención educativa hospitalaria e domiciliaria e co asesoramento do responsable do departamento de orientación. Así mesmo, cando as condicións do alumnado así o requiran, o Equipo de Orientación Específico (EOE) proporcionará o apoio necesario para levar a cabo esas tarefas.

Alumnado: Destinatarios de atención educativa hospitalaria: Aquel que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día. Destinatario de atención educativa domiciliaria: Aquel que deba permanecer convalecente no seu domicilio por un período de tempo superior a un mes ou o alumnado que padeza enfermidade crónica que sexa causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.

Normativa:

- Orde do 27 de decembro de 2002. (DOG, 30/1/2003)
- Decreto 229/2011 do 7 de decembro de 2011 (DOG do 21 de decembro do 2011)

h) Grupos de adquisición das linguas

- Obxectivo:** proporcionar, sen prexuízo das actividades de apoio que se desenvolvan

dentro das aulas ordinarias, unha formación inicial específica na lingua/s vehicular/es, a traveso dunha atención individualizada, de xeito que se posibilite a plena incorporación do alumno nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado, así como a súa familiarización coa vida do centro.

☐ **Alumnado:** alumnado de escolarización obrigatoria que proceda do estranxeiro e que descoñeza completamente ámbalas linguas oficiais de Galicia. Este alumnado poderá formar parte destes grupos un máximo dun trimestre que poderá ser ampliado con autorización da inspección educativa.

☐ **Profesorado:** O profesorado encargado na educación secundaria obrigatoria dos grupos de adquisición das linguas pertencerá preferentemente ás especialidades de tipo lingüístico.

Normativa:

☐ Orde do 20 de febreiro de 2004 (DOG do 26 de febreiro de 2004)

i) Grupos de adaptación da competencia curricular.

☐ **Definición:** son agrupamentos flexibles que terán por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na competencia curricular, de xeito que se lle posibilite ao alumnado a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado. A permanencia nestes grupos levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar, principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental, podéndose estender ao longo de todo o ano escolar. Non obstante, o alumnado deberase incorporar plenamente ó seu grupo ordinario no momento no que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ó desfase curricular. O horario semanal máximo de permanencia nestes grupos será de **10 períodos**.

☐ **Alumnado:** Alumnado procedente do estranxeiro con desfase curricular de dous ou máis cursos, escolarizado na educación secundaria obrigatoria. O alumnado que forme parte dun grupo de adaptación da competencia curricular deberá pertencer a mesma etapa educativa, sen necesidade de que pertenza ó mesmo curso.

☐ **Profesorado:** O profesorado encargado dos grupos de adaptación da competencia curricular pertencerá preferentemente a algunha das especialidades que correspondan ás materias obxecto de reforzo desa competencia. Asistirá ás sesións de avaliación do seu alumnado. Sen embargo, a emisión das cualificacións corresponderá ó profesorado do grupo ordinario, tendo en conta a información que proporcione o profesorado anteriormente citado.

Normativa:

☐ Orde do 20 de febreiro de 2004 (DOG do 26 de febreiro de 2004)

j) Exención da 2ª lingua estranxeira

- **Obxectivo:** é unha medida extraordinaria dirixida a aquel alumnado con claras e continuadas dificultades de aprendizaxe, sobre todo nas áreas de lingua. Non é, polo tanto, unha medida dirixida ao alumnado con dificultades específicas na 2ª lingua estranxeira. Débese considerar que é unha medida extraordinaria que lle priva o alumno de cursar unha área común nestes cursos.
- **Alumnado:** alumnado dos cursos 1º e 2º de ESO que presente claras dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular na área de lingua.
- **Profesorado:** preferentemente profesorado das áreas de lingua.

Normativa:

- Orde do 6 de setembro de 2007 (DOG do 12 de setembro de 2007)

1. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

- **Criterios organizativos e distribución de recursos:**

A Xefatura de Estudos organizará as actuacións dentro do horario xeral do centro, con criterios flexibles tanto no relativo a horarios como ao agrupamento do alumnado. Para conseguir a optimización dos recursos, é necesario unificar criterios de actuación entre o profesorado que intervén no proceso educativo do grupo, clarificando as funcións que corresponden ao titor/a, ao equipo de profesores e, se é o caso, ao profesorado de apoio, baixo o asesoramento e as propostas do especialista do DO e a coordinación da xefatura de estudos.

As intervencións específicas, levadas a cabo polo especialista de pedagogía terapéutica, realizaranse naqueles casos de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, contando co informe previo da xefatura do departamento de orientación.

- **Procedemento que se seguirá para pór en marcha as diferentes medidas de atención á diversidade será o seguinte:**

1. Durante o curso anterior recabarase información sobre posibles necesidades detectadas nos grupos da ESO, a través das reunións dos tutores/as co/a orientador/a, dos resultados das probas de avaliación inicial de comezos de curso, das diferentes sesións de avaliación.
2. Aínda que en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten dificultades hai que establecer os apoios e reforzos oportunos, será despois da 2ª sesión e especialmente o longo da 3ª sesión de avaliación onde se planifique e concrete que medidas de atención á diversidade, de cara ao próximo curso, garantirán unha resposta axeitada ás necesidades detectadas do alumnado.
3. Nas diferentes reunións realízase a selección do alumnado para cada medida e comezase a valorar polo responsable do DO e a informar ás familias.

4. No mes de setembro, tendo en conta os recursos materiais e persoais cos que vai dispor o centro, decídese a proposta definitiva de medidas de atención á diversidade de cara ao presente curso. Dita proposta formará parte da programación xeral anual e PO.

5. Naqueles casos no que o alumnado se escolarice durante o curso, realizaráselle unha avaliación inicial por parte do equipo de profesorado do grupo. Se se detectan graves carencias no seu proceso de aprendizaxe, derivarase ao Departamento de Orientación (necesitarase o protocolo de derivación) para a realización dunha avaliación psicopedagóxica coa finalidade de identificar as necesidades educativas e poder establecer as medidas máis axeitadas.

6. De todos os datos recollidos darase cumprida información á xefatura de estudos, que será a responsable de poñer en marcha e coordinar as diferentes actuacións, tendo en conta as propostas do departamento de orientación, dos titores de grupo e dos diferentes equipos docentes.

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

INTERNOS:

Titor/a e equipo de profesorado:

- Realizar a avaliación inicial a comezos de cada curso, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ás características do alumnado.
- Facer un seguimento xeral dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar as dificultades e as necesidades educativas coa finalidade de artellar respostas educativas coherentes e, demandar, no seu caso, os oportunos asesoramentos, reforzos e apoios.
- Participar, en colaboración co departamento de orientación, baixo a coordinación da xefatura de estudos, na intervención educativa respecto do alumnado que presenten necesidades educativas específicas e de carácter especial de apoio educativo; dende as pautas de intervención e propostas deseñadas e arbitradas xunto co/a especialista de orientación.
- Coordinar cos demais profesores do grupo o axuste dos programas, especialmente no referente ás respostas educativas ante as necesidades máis específicas de reforzo e apoio.
 - Promover un contexto de colaboración coa familia, intercambiando información relevante que afecte á educación dos seus fillos.

Profesorado especialista de PT :

- Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á Educación Secundaria Obrigatoria e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Colaborar, xunto coa Xefatura do Departamento de Orientación e o titor/a do alumno/a na organización da atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Prestarlle atención docente directa ao alumnado con necesidades específicas de apoio

educativo, segundo o establecido na proposta do informe da orientadora do centro.

- Axudar ao profesor/titor e/ou de materia na identificación de posibles necesidades educativas do seu grupo.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais (ACI), así como das medidas de reforzo/apoio específico, se é o caso, e daquelas outras dirixidas á atención á diversidade.
- Colaborar na metodoloxía e avaliación a seguir co alumnado con dificultades de aprendizaxe.
- Participar na elaboración de material para traballar co alumnado con necesidades específicas de carácter especial de apoio educativo específico.
- Participar, de ser necesario, co titor/a e especialista do DO nas reunións coas familias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Orientador/a: (D. 120/98, orden 24 xullo 1998)

- Participar e realizar a avaliación psicopedagóxica daquel alumnado que sexa derivado polo profesorado e/ou nais, pais ou titores e titoras legais, a través do protocolo de derivación; así como realizar o informe psicopedagóxico no que se recolla, analice e valore a información recollida no proceso da avaliación psicopedagóxica. (Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais. DOG 19/12/1996).
- Diseñar e elaborar os protocolos de demanda de avaliación e atención psicopedagóxica, e dalos a coñecer á comunidade educativa.
- Elaborar o correspondente ditame de escolarización para aqueles casos onde se requira unha modalidade diferente e/ou recursos extraordinarios.
- Establecer a proposta de organización de atención ao alumnado por parte do profesorado especialista, coa participación do profesorado titor do alumnado e do propio profesorado de pedagogía terapéutica se fose o caso.. Elevar esta proposta á xefatura de estudos
- Asesorar ao equipo directivo sobre as medidas de atención á diversidade, achegar proposta xeral de atención á diversidade para o curso.
- Elaborar e poñer en práctica/implementar programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Asesorar aos departamentos didácticos e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares. Dende coordinación periódica e continua.
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo
- Coordinar e seguir as actuacións levadas a cabo polo profesorado do centro así como dos profesionais de fóra do centro que interveñan na atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

- Coordinar e deseñar o plan de actuación respecto da orientación educativa e profesional para o curso: atención a diversidade, acción tutorial e orientación académico profesional. Propoñendo programas e intervencións, coordinando, asesorando e seguindo actuacións respecto de cada un deles., formulando melloras.

Equipodirectivo :

- Dispoñer, implementar as medidas de atención á diversidade adecuadas ás necesidades detectadas e aos recursos dispoñibles.
- Coordinar todas as actuacións previstas, xunto co resto do profesorado, tendo en conta o establecido na proposta de concreción anual do plan xeral de atención á diversidade.
- Velar polo cumprimento de tódalas actuacións establecidas neste Plan e no plan anual do DO que o concrete e desenvolva para o curso académico.

EXTERNOS:

Nos casos en que, por propia decisión das nais, pais e titores e titoras legais e/ou derivación do departamento de orientación, o alumnado estea sendo atendido por profesionais externos ao centro, estableceranse os contactos necesarios para intercambiar información relevante e buscar vieiros de comunicación coa finalidade de fixar estratexias de actuación conxuntas que redunden na mellora da resposta educativa do alumnado.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO EXTERNOS AO CENTRO: CENTROS ADSCRITOS, ENTIDADES LOCAIS E DA CONTORNA□.

Os mecanismos de coordinación e colaboración están vinculados coa estrutura organizativa e funcional do centro que garante a resposta ás necesidades do alumnado, e tendo en conta/partindo das funcións que teñen os distintos servizos e profesionais que interveñen no ámbito da atención á diversidade.

Actuacións de colaboración e coordinación internas

O modelo de coordinación e colaboración interna cobra vida nas seguintes actuacións:

- Reunións dos órganos de goberno
- Reunións dos órganos colexiados
- Reunións do Departamento de Orientación
- Reunións dos Departamentos Didácticos
- Reunións do equipo docente: avaliación inicial, sesións de avaliación e xuntanzas puntuais en función de necesidades concretas.
- Intercambio de información e a coordinación entre os profesionais que atenden ao ACNEAE, dentro e fóra do centro educativo.
- Reunións semanais dos/as titores/as ca orientadora

Colaboración e coordinación con outras etapas educativas e cos centros adscritos

En relación ós centros adscritos resaltase:

- Contacto da dirección do IES cos centros de Primaria adscritos, o cal facilita o fluxo de información sobre: admisión de alumnado, matrícula,...
- Reunións periódicas cos orientadores de Primaria para: -Propoñer actuacións conxuntas a realizar (as cales se contemplarán no plan de orientación anual).
 - Avaliar conxuntamente as actuacións realizadas e reflectilas na memoria anual, para que sirvan de punto de partida a novas actuacións.
 - Determinar o procedemento para a exención da 2ª Lingua Estranxeira.
 - Facilitar o intercambio de información sobre ACNEAE.
 - Colaborar na elaboración de protocolos que afecten á actuación de ambos Departamentos.
- Compartir recursos (probos psicopedagóxicos, material bibliográfico, etc.)
- Facilitar a transición do alumnado do último curso de primaria a 1º da ESO.
- Organización das Xornadas de Acolida e Portas Abertas para o alumnado de 6º de primaria, coa finalidade de que coñezan o novo centro e tamén para as súas familias
- Charlas e folletos informativos, dirixidas ó alumnado de 6º de primaria, sobre os cambios académicos que supón a introdución na ESO.
- Contacto cos centros que ofrecen unha opción formativa ou profesional ó noso alumnado unha vez rematada a ESO.

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

Garantir una axeitada atención á diversidade esixe que existan vías fluídas, tanto internas como externas, de información e comunicación en distintos ámbitos e niveis

Para dar resposta á diversidade considéranse esenciais todas aquelas actuacións organizativas que repercutan no proceso de ensino e aprendizaxe. Da mesma maneira, hai que facilitar que todos os profesionais teñan fácil acceso aos medios de comunicación (ordenador, fax, teléfono, carta,...) e deseñar os protocolos necesarios que faciliten o intercambio de información (parte de comunicación de faltas de asistencia, partes de incidencias, informe escolar, modelo de solicitude de demanda de intervención,).

Algunhas das iniciativas que ilustran o modelo de comunicación e intercambio de información coas familias fanse visibles a través das seguintes actuacións:

- Reunión inicial (outubro) para dar información sobre o comezo do novo curso: presentación do equipo directivo e do profesorado do centro, información sobre a organización e

funcionamento do centro.

- Contacto das familias co profesorado: hora de atención a pais e nais.
- Contacto bidireccional (alumnado-profesorado): hora de atención ao alumnado
- Os pais e nais terán Información trimestral sobre a aprendizaxe dos fillos a través do Boletín de notas.
- Comunicación ás familias para solicitar a súa autorización no referente a: PMAR, , ACI,
-
- Coordinación entre os profesionais que atenden ó ACNEAE

En canto ós servizos externos, resáltanse os seguintes aspectos:

- As reunións axústanse as horarios e teñen en conta as funcións dos distintos profesionais.
- Da intervención colaborativa cos Servizos Sociais dos Concello destácase o contacto periódico xa que a través deles o centro conecta cas problemáticas individuais do alumnado, controla a súa asistencia, establece pautas de intervención conxuntas, etc.
- A colaboración cos Servizos Sanitarios levase a cabo a petición das familias, para facilitar que o intercambio de información favoreza a intervención máis axeitada ás necesidades do alumno/a.
- Asesoramento e colaboración con Asociacións que traballan con alumnado con necesidades educativas: ASPANEPS,... - Colaboración do Departamento de Orientación co EOE de A Coruña.
- Colaboración nas demandas do Servizo de Asesoría de Orientación da Consellería de Educación (ex. Drdoriente)
- Colaboración do Departamento de Orientación co Servizo de Inspección Educativa, facilitando a información que este demanda e realizando aquelas outras tarefas asignadas ás funcións da XD.

Para promover a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado realizaranse as seguintes actuacións:

- Reunión inicial (setembro) para dar información sobre o comezo do novo curso: presentación do equipo directivo , Departamento de Orientación e do profesorado do centro, información sobre a organización e funcionamento do centro.
- Entrevistas periódicas mantidas co titor/a ao longo do curso para facer o seguimento académico.
- Cuestionarios de inicio de curso para coñecer datos do contorno socio-familiar do alumnado, hábitos de estudo, afeccións e tempo libre, características persoais do propio alumnado.
- Charlas informativas relacionadas co ámbito da orientación académica: tránsito da etapa de primaria a ESO, opcións académicas e profesionais dos seus fillos e fillas ao rematar a ESO, información de outras opcións para o alumnado que se atopa en grave risco de abandono escolar..
- Reunións puntuais coa orientadora por demanda das nais, pais e titores e titoras legais do alumnado e colaboración na avaliación psicopedagóxica, cando se estime oportuna, así como

tamén no propio proceso de avaliación inicial.

- Participación a través da páxina web do instituto.

Con entidades e servizos externos ao centro:

- Colaboración con servizos sociais dos concellos os que pertencen o alumnado do centro para facer o seguimento daqueles casos que se atopan en situación de risco, desvantaxe social e cultural, □.
- Colaboración cos servizos sanitarios da contorna e implicados nos procesos educativos
- Colaboración con asociacións, entidades e servizos dos Concellos.
- Colaboración co Equipo de Orientación Específico da Coruña e outros profesionais especialistas para asesoramento e intervencións educativas precisas □.

9. PROTOCOLOS VARIOS E PARA A SOLICITUDE AUTORIZACIÓN E IMPLEMENTACIÓN DE MEDIDAS DE ATENCIÓN EDUCATIVA E A DIVERSIDADE

PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO. PMAR

Protocolo de actuación:

a) Realizada a avaliación extraordinaria, o equipo docente realizará unha proposta razoada do alumnado que podería incorporarse ao programa para a mellora do aprendizaxe e do rendemento. Esa proposta concretarase nun informe individualizado, elaborado pola persoa titora, en que constará a competencia curricular do alumno/a en cada materia, as dificultades de aprendizaxe presentadas, as medidas de atención á diversidade aplicadas e os motivos polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno ou a alumna se integre nun programa de mellora do aprendizaxe e do rendemento. Ao informe darase traslado á xefatura do departamento de orientación.

b) A persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación realizará unha avaliación psicopedagóxica a cada un dos alumnos/as propostos polo equipo docente para incorporar ao programa de mellora do aprendizaxe e do rendemento. No informe correspondente a esa avaliación deben constar, entre outros aspectos as conclusións das reunións co profesorado titor e, si se trata de alumnado menor de idade, cos pais, as nais ou titores legais de cada alumno/a, para formularlles a conveniencia da súa incorporación a un programa de mellora do aprendizaxe e do rendemento.

Deixarase constancia escrita da opinión dos pais, das nais ou titores/as legais respecto da proposta formulada.

c) Posteriormente unha comisión formada polo xefe/a de estudos, que exerce a presidencia, a persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación e o titor/a do alumno/a valorará os informes emitidos e a opinión, de ser o caso, do pai, da nai ou dos titores legais, realizando unha proposta ao director/a sobre a incorporación ao programa de mellora do aprendizaxe e do rendemento..

d) Compete ao director/a do centro docente elevar a proposta de autorización sobre a incorporación do alumnado ao programa de mellora do aprendizaxe e do rendemento ao servizo provincial de Inspección Educativa. Á solicitude adxuntarase a relación do alumnado proposto e a relación de profesorado que vai impartir cada un dos ámbitos do programa.

e) O servizo provincial de Inspección Educativa emitirá a autorización expresa para o desenvolvemento dos programas de mellora do aprendizaxe e do rendemento que cumpran os requisitos establecidos, e que será comunicada aos centros docentes antes do comezo do curso.

f) Para a impartición dos ámbitos destes programas conformaranse grupos que non superarán o número de dez alumnos/as e non serán, con carácter xeral, menos de cinco.

Documentación necesaria:

- Informe individualizado do titor ou titora
- Avaliación psicopedagóxica do alumnado proposto
- Documento coa opinión do alumno e dos pais
- Acta decisión de incorporación.

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

Protocolo de actuación:

Documentación necesaria:

AGRUPAMENTOS FLEXIBLES

Protocolo de actuación:

- 1) Proposta razoada do equipo de profesores do grupo ao que pertence o alumno ou alumna expresada nun **informe do titor ou titora**.
- 2) Información aos pais e o alumno.
- 3) Decisión de incorporación tomada pola comisión formada por xefe de estudos, xefe do departamento de orientación e titores ou titoras do alumnado proposto.
- 4) Elaboración das programacións didácticas adaptadas por parte dos correspondentes departamentos didácticos.
- 5) Envío da proposta por parte da Dirección do centro á Inspección Educativa para a súa

autorización. Esta proposta incluirá: selección do alumnado indicando os criterios aplicados, horario, profesorado que se vai a encargar da docencia, as áreas nas que se van a constituir agrupamentos específicos, así como as correspondentes programación didácticas adaptadas.

Estas programacións partirán dos obxectivos e contidos mínimos establecidos no proxecto curricular do centro e, cando sexa preciso, dos obxectivos e contidos do 3º ciclo de educación primaria. Deberase primar o carácter práctico e funcional dos contidos.

Documentación necesaria:

- Informe do titor ou titora
- Documento de información aos pais e alumno
- Acta da decisión de incorporación
- Programacións didácticas adaptadas

GRUPOS DE AQUISICIÓN DAS LINGUAS

Protocolo de actuación:

- 1) Avaliación inicial coa emisión dun informe sobre a competencia lingüística do alumno.
- 2) Informe psicopedagóxico (se procede),
- 3) Proposta de horario de permanencia no grupo. (será dun máximo de 24 horas semanais e o alumno deberá permanecer co seu grupo ordinario de referencia nas materias de educación física, música, educación plástica e visual, así como no período de tutoría).
- 4) Información á familia.
- 5) Solicitude de autorización á inspección por parte da dirección do centro.

Documentación necesaria:

- Informe de avaliación inicial
- Informe psicopedagóxico (se procede)
- Documento coa proposta de horario
- Documento de información á familia.

ADAPTACIÓN CURRICULAR INDIVIDUAL (ACI)

Protocolo de actuación:

- 1) Solicitude da correspondente avaliación psicopedagóxica por parte do equipo docente ou por algún dos seus membros. (informe cas conclusións da avaliación psicopedagóxica)
- 2) Reunión coordinada polo xefe de estudos á que asistirán o titor, os profesores que imparten as áreas ou materias que se consideran obxecto de adaptación curricular, os membros do departamento de orientación que participaron na avaliación diagnóstica. Nesta reunión decidirse a pertinencia da adaptación curricular. (3) Información á familia.
- 4) Elaboración das adaptacións das diferentes áreas por parte do profesor ou profesora que

imparte a materia, coa colaboración do departamento didáctico e co apoio e asesoramento do departamento de orientación. O referente das adaptacións serán os obxectivos xerais de etapa, concretados no proxecto curricular de centro para cada curso. Os obxectivos poderán pertencer, se é o caso, a outro curso ou etapa distinta da que curse o alumno obxecto de adaptación. As adaptacións revisaranse periodicamente, polo menos unha vez ó remate de cada curso. A avaliación e promoción do alumnado obxecto de adaptación tomará como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación fixados nas adaptacións curriculares.

5) Solicitud de autorización á inspección por parte da dirección do centro.

Documentación necesaria:

- Informe psicopedagóxico
- Acta da reunión da decisión
- Documento de información á familia
- Programación adaptadas das diferentes áreas

APOIO DO PROFESORADO DE PT

Protocolo de actuación:

- 1) Solicitud do apoio por parte do profesorado indicando o motivo a través dun informe.
- 2) Información á familia
- 3) Proposta de apoio do departamento de orientación.
- 4) Información á X. de Estudos.
- 5) Autorización da Dirección.

Documentación necesaria:

- Informe de solicitude apoio.
- Documento de información á familia.
- Proposta de apoio do departamento de Orientación.
- Documento de proposta á Dirección do centro.

FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN.

Protocolo de actuación:

- 1) Proposta razoada do equipo de profesores do grupo ao que pertence o alumno/a expresada nun informe do titor ou titora.
- 2) Informe da xefatura do D.O. (conclusións da avaliación psicopedagóxica).
- 3) Proposta da nova distribución horaria para cursar as ensinanzas e, de ser o caso, as oportunas medidas de reforzo educativo.
- 4) Conformidade do alumno/a, a dos seus pais ou representantes legais.
- 5) Fotocopia compulsada da certificación académica.

- 6) Proposta de adaptación do currículo segundo o disposto na Orde do 6 de outubro de 1996.
- 7) Envío á inspección para que o remita á Dirección Xeral de Educación, á que corresponderá a autorización ou denegación .

Documentación necesaria:

- Informe do titor/a.
- Informe do departamento de orientación.
- Proposta de distribución horaria.
- Conformidade do alumno/a e dos seus pais.
- Fotocopia compulsada da certificación académica
- Proposta de adaptación do currículo (se procede).
- Documento de envío á inspección educativa.

ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE, POR CIRCUNSTANCIAS DIVERSAS, PRESENTA DIFICULTADES PARA UNHA ASISTENCIA CONTINUADA A UN CENTRO EDUCATIVO.

Protocolo de actuación:

- 1) Solicitud de medida a instancia dos seus pais ou tutores legais
- 2) Realización do programa individualizado de atención educativa
- 3) Solicitud á xefatura territorial a través da inspección

Documentación necesaria:

- Solicitud de medida a instancia dos seus pais ou tutores legais.
- Informe médico que xustifique a medida.
- Programa individualizado de atención educativa
- Solicitud á xefatura territorial correspondente a través da inspección educativa

GRUPOS DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR.

Protocolo de actuación:

- 1 Avaliación inicial coa emisión dun informe sobre a competencia curricular do alumno.
- 2 Informe psicopedagógico, se procede.
- 3 Proposta de horario de permanencia no grupo. (será dun máximo de 10 horas semanas, principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental. O alumno deberá permanecer co seu grupo ordinario de referencia no resto de materias.
4. Información á familia.
5. Solicitud de autorización á inspección por parte da dirección do centro.

Documentación necesaria:

Informe de avaliación inicial

Informe psicopedagógico (se procede)

Documento coa proposta de horario Documento de información á familia.

EXENCIÓN DA 2º LINGUA FRANCESA

Protocolo de actuación:

- 1) Proposta do equipo de profesores do curso anterior.
- 2) Conformidade por escrito do alumno e os seus pais.
- 3) Informe da persoa titora do curso ou etapa anterior que explicitará o motivo da medida.
- 4) No caso de alumnado de nova incorporación ao centro: revisión da medida na xunta de avaliación inicial.
- 5) Autorización da dirección do centro.

Documentación necesaria:

-Informe do titor do curso anterior

-Conformidade escrita do alumno e país

-Informe do titor do curso actual (se procede modificar a proposta)

- Documento de proposta á dirección do centro

10. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MEMORIA

A avaliación deste plan efectuarase a dous **niveis**:

- 1- Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado que participou nas diferentes actuacións e medidas de atención á diversidade.
- 2-Avaliación da concreción do plan anual de atención á diversidade.

O proceso a seguir é:

- Análise e valoracións a través das reunións semanais dos titores/as coa orientadora, como parte do desenvolvemento do PAT.
- Análise e valoración nas reunións dos departamentos didácticos.
- Seguimento a través das reunións do departamento de orientación.
- Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Elevación de conclusións e posibles modificacións ao Claustro para o seu coñecemento.

-Avaliación inicial: A revisión do plan realizarase a principios de curso, atendendo ás conclusións recollidas e obtidas na avaliación do curso pasado e as circunstancias existentes en ese momento.

-Avaliación continua: Ao longo do curso, o equipo directivo e o departamento de orientación irán facendo un seguimento do desenvolvemento do plan para introducir os axustes necesarios.

-Avaliación final: O obxectivo desta avaliación será o de analizar cunha periodicidade anual, preferentemente ao final de cada curso, a adecuación deste á realidade do centro, e deseñar as modificacións pertinentes en canto a alumnado e recursos humanos e materiais previstos para o curso seguinte.

Os instrumentos para a recollida de datos serán: intercambios orais, escalas e cuestionarios e entrevistas, entre outros. Estes serán aplicados ás persoas implicadas no seu deseño e/ou desenvolvemento (departamentos, titores/as, profesorado), como os seus destinatarios (alumnado, pais).

Os criterios de avaliación para determinar a calidade do plan de atención á diversidade son:

- Adecuación do plan ás necesidades reais do centro.
- Logros acadados no referente aos obxectivos previstos.
- Adecuación da temporalización.
- Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da comunidade educativa.
- Nivel de colaboración e participación dos servizos externos ao centro.
- Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.

Con estes datos, ao final de cada curso, o departamento de orientación elaborará a correspondente memoria do plan xeral de atención á diversidade, establecendo, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporarase á memoria do departamento de orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro.